

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1º.-

As cuotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica quedan fixadas de acordo co cadro de tarifas sinalado no artigo 95.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2º.-

Establécese a exención do imposto para vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.

Dita exención deberá ser solicitada pola persoa interesada achegando copia do permiso de circulación do vehículo.

O órgano competente para a concesión da exención será o Alcalde-Presidente do Concello.

Artigo 3º.-

Tódolos demais aspectos concernentes a este Imposto: xestión tributaria, liquidación, recadación e outros, rexeranse polo disposto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, artigos 92 ó 99, fundamentalmente, así como a demais lexislación aplicable e as disposicións regulamentarias que se dicten e veñan en aplicación.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.